

Terceiro.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Denominación da praza	Candidato seleccionado
Apoio ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais	Cabaleiro Ferreiro, Fernanda DNI: 32764715-L
Asesora/asesor informática	Insua Hermo, M. Avelino DNI: 76778790-Y
Asesora/asesor espazo europeo	Fernández Ocampo, M. Carmen DNI: 32638729-G
Asesora/asesor de innovación educativa	López Boullón, Rosa M. DNI: 33229933-Q

Orde do 27 de xuño de 2008 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios para cubriren postos en prazas sometidas a convenio ou programas específicos desta consellería.

Por Orde do 3 de marzo de 2008 convocouse concurso de méritos específico entre funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios para cubriren postos en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.

En aplicación do disposto no artigo décimo da citada convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co disposto no punto décimo segundo da citada orde, os seleccionados quedarán adscritos aos postos obtidos a partir do 1 de setembro de 2008 por un período de dous anos e un máximo de seis.

Terceiro.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Denominación da praza	Candidato seleccionado
Consellería de Sanidade (H. Cíes, Vigo)	Rodríguez Crespo, Francisco Javier DNI: 76616750-R
Asociación Disminuídos (ASPAS Santiago de Compostela)	Mouzo Filgueira, Mª Amelia DNI: 79327533-G
Vicepresidencia (Lugo)	Vacante
Once (1-A Coruña, 2-Pontevedra, 3-Vigo)	Fuentes Velo, Ana Belén DNI: 53167818-Y
	Vacante
	Vacante
Consellería de Medio Ambiente	López Marcos, Mª del Carmen DNI: 32638666-X
Fundación Preescolar na Casa (1-varios concellos, 2-Lugo)	Fojo Lamas, Paula DNI: 32667024-D
	Pinto Antón, Juan Antonio DNI: 35810679-R
Vicepresidencia (Santiago de Compostela)	Vacante

Resolución do 4 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, disciplinas de lingua castelá e literatura, matemáticas, física e química, bioloxía e xeoloxía, debuxo, francés, inglés, música, educación física, lingua galega e literatura, análise e química industrial, asesoría e procesos de imaxe persoal, intervención sociocomunitaria, organización e procesos de mantemento de vehículos, organización e proxectos de fabricación mecánica, procesos de produción agraria, procesos e medios de comunicación, sistemas electrónicos, sistemas electrotécnicos e automáticos, convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 16 de abril).

A base común 9.3º da Orde do 9 de abril de 2008 pola que se convocaban procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada, en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que esta será publicada nesta consellería, nas súas delegacións provinciais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es>.

En consecuencia, esta secretaría xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Facer públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, disciplinas de lingua castelá e literatura, matemáticas, física e química, bioloxía e xeoloxía, debuxo, francés, inglés, música, educación física, lingua galega e literatura, análise e química industrial, asesoría e procesos de imaxe persoal,

intervención sociocomunitaria, organización e procesos de mantemento de vehículos, organización e proxectos de fabricación mecánica, procesos de produción agraria, procesos e medios de comunicación, sistemas electrónicos, sistemas electrotécnicos e automáticos, convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de abril). Esta publicación farase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web (<http://www.edu.xunta.es>).

Segundo.-Contra estas puntuacións poderá presentarse reclamación, no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, dirixidas por fax ao número 981 54 54 84 ou ao número 981 54 54 20, ao secretario xeral.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 20 de xuño de 2008 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos do Servizo Galego de Saúde.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os funcionarios de carreira que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.

O significado das claves numéricas que aparecen na columna corpo ou escala dos postos de traballo incluídos no anexo I desta orde, é o establecido na resolución da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza do 25 de maio de 2007, publicada no DOG nº 107, do 5 de xuño de 2007, na súa páxina 9.434.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria dirixiranse por escrito á conselleira de Sanidade (edificio administrativo San Lázaro s/n, 15703-Santiago de Compostela), segundo o modelo que se inclúe como anexo II a esta orde.

As ditas solicitudes poderanse presentar no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, nos das súas delegacións provinciais, nos das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde ou en calquera das oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do

26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirle á petición *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira que vimos de sinalar non se terán en conta.

Quinto.-Esta convocatoria será resolta pola Consellería de Sanidade. A resolución dela farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserta, de considerarse oportuno.

Sexto.-O nomeamento dun funcionario con destino definitivo noutra Administración pública ou que preste os seus servizos na comunidade autónoma como consecuencia dunha comisión de servizos concedida conforme o disposto na disposición transitoria oitava punto 4º da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que resulte seleccionado para ocupar o posto de traballo anunciado estará condicionado a que a súa Administración emita informe favorable sobre el, conforme o previsto no Real decreto 28/1990, do 15 de xaneiro, e demais disposicións concordantes.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade que a do novo destino e, dun mes, se están en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2008.

Mª José Rubio Vidal
Conselleira de sanidade

Denominación do posto: secretario/a provincial.

Código do posto: SA.S99.10.000.32001.001.

Dependencia: Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde.

Localidade: Ourense.

Tipo de posto: S.

Grupo: C/B.

Nivel C.D.: 18.

Complemento específico: 5.600,53 €.

Corpo ou escala: xeral/estatutario Servizo Galego de Saúde.

Formación específica: 020/640.